

Ditos da auga (3)

Apañar auga na pereira

Augas son cada un dos planos dun tellado, polos que esvara a auga cando chove. Normalmente as casas teñen dúas augas, son as que están constituídas en pincho. Pode habelas a catro augas e de fóra veu a moda de facer no campo casas con moitas augas.

A *flor da auga* é a superficie da auga.

Lingua de auga é a ribeira ou extremidade da terra, que lamba a auga do mar, dun río, etc. É tamén a liña horizontal á que chega a auga nun corpo que está metido ou nadando nesta. *Lingua de terra* é o pedazo de terra longo e estreito que entra no mar, nun río, etc.

Pica de auga é o compartimento dalgúns botes grandes que serven para achi-cala auga. Teñena especialmente os botes que se dedican á pesca coa rapeta e que son grandes e fortes.

Pulga da auga é un pequeno crustá-

ceo entomostráceo que vive nas augas estancadas e nada con facilidade a sacudidas ou saltos.

Tomar augas é medicarse con augas minerais.

Estar entre dúas augas é estar dubioso, non saber que decidir. En cambio, *Nadar entre dúas augas* é non decidirse nun asunto que afecta a outros que teñen opostas ou contrarias aspiracións, para non quedar a mal con ninguén. *O xastre, nadando entre dúas augas, nin afirmou nin negou.*

Remexerse na auga é defenderse con habilidade dos problemas que se presentan. O contrario é *Afogarse en pouca auga* ou *nun vaso de auga*, aínda que di o refrán que Ninguén se afoga en pouca auga. *Ferver en pouca auga* significa o mesmo pero tamén significa preocuparse sen motivo ou dar excesiva importancia a un asunto banal.

Facer agoada é encher en terra os barrís nos que leva a auga potable o barco e poñela na pipería da adega. Pero *Facer auga* dise do barco no que entra a auga por algún burato.

Hai dúas maneiras de dicir “pretender imposibles” relacionados coa auga. Son estes: *Facer unha raia na auga para que non se desfaga* e *Apañar auga na peneira*.

E hai outras dúas de dicir realizar un esforzo inútil, que nin é oportuno nin necesario. Son estes: *Botar auga ós pitos cando chove*, e *acudirle con auga á casa queimada*; neste caso porque o remedio é serodio.

Andar pola auga e preguntar por ela é preguntar por algo que se ten á vista.

Botar un xerro de auga fría é dar unha mala noticia ou provocarlle a outro un inesperado fracaso.

O NOSO TABOLEIRO

ANGUEIRA
IRIMIA

galega e cristiá

3

Folletos de identidade

Cristiáns e galeguistas

Victorino Pérez Prieto



Angueira 3

Facer memoria da nosa identidade galega e cristiá é urxente por dous motivos: o primeiro deles é porque calquera avance cara ó futuro ten que levar conta da forza da tradición. Bo é que saibamos que, se estamos creando futuro, non estamos inventando, senón seguindo unha liña histórica, pobre pero fecunda.

É tal é segundo aspecto: a relativa pouquedad da nosa historia de galeguismo cristián ou de cristianismo inculturado ou encarnado en Galicia constitúe un estímulo para Irímia.

Victorino Pérez Prieto, cofundador e tantos anos director da nosa revista, leva anos teimando por levar adiante esta ardua, pero esperanzada empresa. Un anterior libro seu, e outro que está a piques de saír dan fe da súa autoridade neste eido.

Este fermoso libríño constitúe unha síntese ben traballada e dinámica. O lector hase sentir, agradecido, no corazón da nosa historia.

ANGUEIRA
IRIMIA

galega e cristiá

Temos carta de Deus

Xosé Antón Miguélez Díaz



Angueira 4

X. Antón Miguélez fai unha aposta arriscada. Escolle un xénero literario ousado, propio de místicos e profetas: é Deus mesmo o que nos fala -escribe- para dar boas novas.

Quen máis quen menos andamos arrastrando vellos ídolos, imaxes e vivencias do relixioso tinguidas de medo e de lei, de esforzo sobrehumano ou de culpabilización. Pero son deuses “que sabemos de memoria” e non nos aportan novidade.

A novidade do Deus Xesús é a do amor entrañable e gratuito, da acollida e do perdón incondicional e anticipado, do agradecemento.

Na súa carta, Deus fáino-la proposta dun camiño, con paciencia, respectando a nosa liberdade. Unha proposta atrevida de namoramento e fraternidade.

Salientamos especialmente a riqueza bíblica do escrito. Non é doado atopar narracións tan embebidas de citas perfectamente encadrados que axudan non só á emotividade da lectura senón tamén, e sobre todo, á súa fundamentación teolóxica.